

# Área de Igualdade da Deputación Provincial

## “8M, Mes a Mes”

Do mesmo xeito que en meses anteriores, desde a Área de Igualdade da Deputación Provincial reafirmamos o noso compromiso de render homenaxe a todas as mulleres. Queremos que o 8M non se limite unicamente ao mes de marzo, senón que se converta nun recordo vivo ao longo de todo o ano. Por iso, continuamos coa iniciativa de destacar cada mes a unha muller da provincia, poñendo rostro e voz a este recoñecemento colectivo. Neste mes, a protagonista é unha ganadeira dedicada ao coidado das ovellas, **Elvira Pérez Vilanova**, símbolo de esforzo, constancia e arraigo ao territorio. A súa labor representa un sector fundamental para a provincia de Ourense, onde a gandaría non só sostén a economía rural, senón que tamén preserva tradicións, paisaxes e modos de vida que forman parte da nosa identidade.

Con este recoñecemento queremos visibilizar o papel das mulleres no ámbito agrogandeiro, tantas veces invisibilizado, e subliñar a importancia de seguir apoiando un sector que garante futuro, sustentabilidade e cohesión social no noso rural. O lema seleccionado para este recoñecemento foi: **“As pastoras da igualdade”**

Elvira Pérez, nada en San Simón, A Bola, leva dende 1994 ao fronte dunha explotación que hoxe conta con 190 ovellas. A súa historia é un exemplo de perseveranza e amor polo rural. Tal e como ela mesma relata, os inicios non foron doados: levantar un negocio do sector primario desde cero require un investimento inmenso de tempo, recursos e ilusión, todo un sacrificio que poucas veces se recoñece.

A súa andaina comezou cunha soa ovella e tres cordeiras. Pouco a pouco, con esforzo diario e cunha entrega sen límites, conseguiu que aquel pequeno inicio se transformase nun proxecto sólido e vivo. Cada aforro, cada hora de traballo, cada renuncia foi destinada a facer medrar a súa explotación, ata convertela no que é hoxe: un símbolo de constancia e resiliencia.

Elvira tamén nos lembra a dureza que acompaña este oficio. Ir cada día ao monte cos animais, erguerse de madrugada para alimentalos, non poder dispoñer dun día libre cando se precisa... son realidades que amosan a esixencia dun sector que, a pesar de estar tantas veces infravalorado, require atención e coidados os 365 días do ano.

Mentres moitos de nós celebramos o almuerzo dun día festivo, o sector primario continúa traballando, garantindo que os animais reciban alimento e que os produtos

cheguen ás nosas mesas. A historia de Elvira é, en definitiva, a historia de tantas mulleres gandeiras que sosteñen co seu esforzo silencioso a vida no rural e a dignidade da nosa terra.

A Deputada de Igualdade, Teresa Barge, volveu conversar con Elvira, como adoitan facer a miúdo, sobre a gran importancia de manter os rebaños nos montes, especialmente tras a vaga de lumes vivida neste último verán na provincia. Subliñou que o labor das gandeiras non só garante alimento e vida no rural, senón que tamén contribúe á prevención dos incendios, mantendo limpos os montes e protexendo o noso patrimonio natural.

Teresa Barge engadiu: “O traballo das mulleres gandeiras é un acto de resistencia e de amor pola terra. Grazas a elas, os montes seguen vivos, as aldeas manteñen a súa identidade e a provincia de Ourense conserva a súa forza. É imprescindible recoñecer e apoiar este esforzo, porque detrás de cada ovella, de cada rabaño, hai unha muller que loita pola igualdade e pola dignidade do noso rural.”



#igualOU